

## **EXTRACTO DOS ACORDOS ADOPTADOS POLA XUNTA DE GOBERNO LOCAL NA SESIÓN CELEBRADA O DÍA 15 DE FEBREIRO DE 2012**

---

A Xunta de Goberno Local celebra sesión ordinaria, en primeira convocatoria, o día quince de febreiro deste ano, baixo a presidencia do Excmo. Sr. Alcalde, DON JOSÉ CLEMENTE LÓPEZ OROZCO, e coa asistencia dos Ilmos. señores concelleiros DON XOSÉ ANTÓN BAO ABELLEIRA, DONA SONIA MÉNDEZ GARCÍA, DON LUIS MANUEL ÁLVAREZ MARTÍNEZ, DONA MARÍA DEL CARMEN BASADRE VÁZQUEZ, DON LINO JOSÉ GONZÁLEZ-DOPEÑO GARCÍA, DONA PAZ ABRAIRA SOBRADO, DON JOSÉ MANUEL DÍAZ GRANDÍO e DON FRANCISCO JOSÉ FRAGA LÓPEZ. Actúa como Secretario o Concelleiro-Secretario da Xunta de Goberno Local, don Lino José González-Doposo García, e asisten á sesión o Secretario Xeral do Pleno, don José Antonio Carro Asorey, e o Interventor Xeral Municipal, don Marcial Rodríguez Toajas, os cales foron convocados para o efecto. Adóptanse conforme ós termos da orde do día os seguintes acordos:

**ACTA.-** Apróbase a acta da sesión da Xunta de Goberno Local, correspondente ao día 8 de febreiro de 2012.

### **ÁREA DE URBANISMO**

**1. LICENZAS DE ACTIVIDADE E DE OBRAS.-** Acórdase a concesión de licenza municipal de instalación e de licenza de obras para explotación de gando vacún de leite no Caínzo-Santalla de Lamas, numero 1.

**2. LICENZAS URBANÍSTICAS.-** Acórdase a concesión das seguintes licenzas: para demolición de edificación sita na rúa san vicente, número 20; para demolición de edificación sita na rúa Armórica, número 6; para parcelamento da parcela matriz sita no núcleo rural tradicional de Valín+Vilar, parroquia de Santalla de Bóveda; para acondicionamento interior e construción de entresollado para cafetería do Hospital Lucus Augusti, sito en San Cibrao; para legalización de entresollado sen uso definido, no edificio con licenza de obra número 219/93, sito en solo urbano, na rúa Montirón, número 113 e para a legalización parcial de obras de reconstrución interior en edificio de vivendas e reposición da situación previa ás obras de reconstrución efectuadas, e realización de nova distribución interior para adaptar o resultado final á normativa vixente, resultando planta primeira e planta baixo cuberta para uso de vivenda, dúas vivendas en dúplex, sen que a planta baixa de uso de bar cafetería sexa obxecto de actuación, en solo urbano, na rúa do Miño, número 3.

Acórdase a denegación de licenza para a construción dun edificio na Unidade de Actuación CS-8, parcela A e B, bloque 7, na praza Aviador Parga Cerezo.

**3. PLANEAMENTO.-** Acórdase a interpretación dos usos correspondentes ao edificio sito na praza de Santo Domingo, 9, e rúa San Marcos, 2, do PEPRI (Unidade Edificatoria 130610).

### **ÁREA DE INFRAESTRUTURAS E AXENDA 21**

**4. XESTIÓN.-** Acórdase a aprobación definitiva do proxecto de obras ordinarias para rampla de acceso a local en rúa Montirón, 82-baixo.

### **ÁREA DE ALCALDÍA, RECURSOS HUMANOS E PROTECCIÓN DA COMUNIDADE**

**5. PERSOAL.-** Acórdase o nomeamento dun Oficial Conductor do Excmo. Concello de Lugo.

Acórdase a autorización para a realización de servizos extraordinarios durante este mes de febreiro pola adxunta de sección de Servizos Sociais e a aprobación da forma de compensación.

### **ÁREA DE ECONOMÍA, EMPRENDEMENTO, AUTÓNOMOS E EDUCACIÓN**

**6. CONTRATACIÓN, PATRIMONIO E FOMENTO.-** Acórdase desestimar o recurso de reposición interposto contra o acordo número 13/794 da Xunta de Goberno Local do Concello de Lugo do día trinta de novembro de 2011 na contratación do alugamento e mantemento de ordenadores persoais do Concello de Lugo.

Así mesmo, acórdase a aprobación dos pregos de prescricións técnicas e de cláusulas administrativas particulares, así como do gasto e a adxudicación por procedemento aberto na contratación da prestación integral das actividades de animación sociocultural nos centros de convivencia municipais e outros - 2012 e a apertura do procedemento de adxudicación.

**7. FACENDA LOCAL.-** Acórdase a regularización da situación tributaria en concepto de taxa pola prestación de servizos urbanísticos e imposto sobre construcións, instalacións e obras, ao declararse a caducidade do expediente de licenza para construción de edificio na rúa Río Támoga.

Acórdase a desistencia á solicitude de licenza de obras para edificación no ámbito da U.I.8 e rehabilitación das unidades edificatorias 151012, 151019 e 151003, Pazo de Dona Urraca do PEPRI, pola que ingresou a autoliquidación número 4240355, en concepto de taxas pola prestación de servizos urbanísticos, por importe de 6.185,56 €.

Tamén se acorda instar a desistencia á solicitude de licenza de obras para ampliación de corte e balsa de zurro en San Pedro de Soñar, pola que ingresou a autoliquidación número 5170429, en concepto de taxas pola prestación de servizos urbanísticos, por importe de 284,27 €.

Así mesmo, acórdase a regularización da situación tributaria en concepto de taxa pola prestación de servizos urbanísticos e imposto sobre construcións, instalacións e obras, ao declararse a caducidade do expediente de licenza para rehabilitación e subdivisión de vivenda existente sita na rúa Quiroga Ballesteros, 7-5º.

Acórdase a devolución da parte correspondente do importe ingresado mediante a liquidación aprobada pola xunta de goberno local na sesión celebrada o día 4 de agosto de 2010, ao seu nome, en concepto de taxa pola prestación de servizos urbanísticos e imposto sobre construcións, instalacións e obras, pola licenza para legalización de modificacións e de execución doutras na vivenda unifamiliar en execución sita no núcleo rural tradicional de camoira, parroquia de Santo Estevo de Camoira, por importe total de 920,59 €, por mor da modificación do presuposto de execución material valorado polo Servizo de Arquitectura.

Tamén se acorda a regularización da situación tributaria en concepto de taxa pola prestación de servizos urbanísticos e imposto sobre construcións, instalacións e obras, ao declararse a caducidade do expediente de licenza para reestruturación total de edificio sito na rúa Nova, 135-137.

Do mesmo xeito, acórdase a regularización da situación tributaria en concepto de taxa pola prestación de servizos urbanísticos e imposto sobre construcións, instalacións e obras, ao denegarse a licenza solicitada para legalización de modificacións no edificio sito na rúa Ramón Beberide esquina Lorenzo Varela, parcela F, da Unidade de Actuación N-18.

Acórdase a devolución do importe ingresado mediante a liquidación número 5044977 (445/2011), incurra na vía de constrinximento, en concepto de imposto sobre construcións, instalacións e obras, por importe total de 79,60 €, ao renunciar á licenza de obras outorgada para construción de rampla de acceso a garaxe-comercial na rúa do Pomar, 2, esquina avda. das Américas.

Acórdase aprobar a solicitude formulada na que insta a anulación da liquidación número 5172715 (641/2011), en concepto de taxas pola prestación de servizos urbanísticos e imposto sobre construcións, instalacións e obras, por importe total de 31.840,68 €, ao renunciar á licenza de obras outorgada para construír un edificio na parcela 3, Unidade de Actuación CN-10, rúa Anselmo Sampetro Ania, 12.

Tamén se acorda aprobar a solicitude formulada na que insta a anulación da liquidación número 4559743 (27/2010), en concepto de taxas pola prestación de servizos urbanísticos e imposto sobre construcións, instalacións e obras, por importe total de 114.652,81 €, ao renunciar á licenza de obras outorgada para construír un edificio na rúa Camiño de Romai, rúa Tres Marías e rúa Virxe da Soidade.

Acórdase a regularización da situación tributaria en concepto de taxa pola prestación de servizos urbanísticos e imposto sobre construcións, instalacións e obras, ao declararse a caducidade do expediente de licenza para rehabilitación de casa reitoral para uso de centro sociocultural en San Vicente de Pedreda.

Do mesmo xeito, acórdase aprobar a solicitude formulada na que insta a desistencia á solicitude de licenza de obras para reestruturación de edificio existente e ampliación de dúas plantas soto na ronda da Muralla, 140, pola que ingresou a autoliquidación número 4236978, en concepto de taxas pola prestación de servizos urbanísticos, por importe de 1.214,17 €.

### ÁREA DE SERVIZOS XERAIS E MODERNIZACIÓN ADMINISTRATIVA

**8. CEMITERIO.-** Acórdase a aprobación do horario de apertura e peche ao público do recinto do Cemiterio municipal de San Froilán.

**Fóra da orde do día, e tras a declaración de urxencia previa, adóptanse os seguintes acordos:**

- Acórdase a aprobación definitiva do proxecto modificado de obras de construción dun edificio destinado a biblioteca municipal no barrio da Piringalla en Lugo.
- Acórdase a autorización para a realización de servizos extraordinarios por persoal adscrito á Sección de Cultura, Turismo e a aprobación da forma de compensación.

Lugo, 16 de febreiro de 2012  
O CONCELLEIRO-SECRETARIO,

Asdo.: Lino José González-Dopeso García